

Comunicado nº 014/19  
7 de Febreiro de 2019

**□ O Presidente da F.G. de A. obtivo a medida cautelar de suspensión da sanción imposta polo Tribunal Nacional de Apelación e Disciplina da “Real Federación Española de Automovilismo”:**



O Xulgado Central do Contencioso Administrativo número 12 acordou suspender, sen necesidade de prestar caución de ningún tipo, a sanción de inhabilitación para ocupar cargos na organización deportiva estatal que o “Tribunal Nacional de Apelación e Disciplina da Real Federación Española de Automovilismo” había imposto ao Presidente da “Federación Galega de Automovilismo”.

A sanción estará suspendida mentres se tramita ante o Xulgado Central do Contencioso Administrativo número 12 o procedemento iniciado polo Presidente da “Federación Galega de Automovilismo” no que impugna a sanción imposta polos órganos disciplinarios da “Real Federación Española de Automovilismo”. A sanción imposta non impedía o exercicio das funcións inherentes ao cargo de Presidente da “Federación Galega de Automovilismo” aínda que amparándose na mesma a “Real Federación Española de Automovilismo” impediu durante os últimos meses que o Presidente da “Federación Galega de Automovilismo” ou un Vicepresidente con poderes de representación puidesen representar a Galicia nas reunións dos órganos de goberno, Comisión Delegada e Asemblea, da “Real Federación Española de Automovilismo”.

Obtida a suspensión cautelar, o Presidente da “Federación Galega de Automovilismo” poderá volver exercer como membro nato da Asemblea Xeral da “Real Federación Española de Automovilismo” e como membro electo da Comisión Delegada da “Real Federación Española de Automovilismo” en defensa dos intereses da “Federación Galega de Automovilismo” e do automobilismo de Galicia.

Polo exposto, a “Federación Galega de Automovilismo” volverá estar debidamente representada nos órganos de goberno da Federación Estatal, sempre que non se sustancie o procedemento contencioso administrativo.

A pretendida inhabilitación baséase nunha denuncia de don Iván Corral, ante o Consello Superior de Deportes, sobre os permisos de participación que considera ilegais, licenzas restrinxidas e licenzas dun só evento por entender que discriminan e prexudican aos licenciados posuidores de “Licenza Autonómica Única” que está en sintonía e en concordancia coa Lei do Deporte Estatal e Autonómica.

A Lei (Estatal e Autonómica) di que para participar en probas deportivas o deportista estará en poder dunha licenza federativa exclusivamente, que dará dereitos para ser elexible e elector nos procesos electorais das Federacións.

**ASESORÍA XURÍDICA DA F. G. DE A.**